

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O grupo parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA), por medio das súas deputadas **Yolanda Díaz Pérez**, **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate no Pleno**, relativa ás conclusións críticas do Comité para a Eliminación da Discriminación contra a Muller.

Exposición de motivos

As observacións finais sobre os informes periódicos sétimo e octavo combinados de España aprobadas polo Comité para a Eliminación da Discriminación contra a Muller no sexaséximo primeiro período de sesións (6-24 de xullo do 2015) supoñen unha dura crítica ás insuficiencias da acción pública ao respecto da igualdade entre homes e mulleres.

O informe Sombra deitou luz sobre os recortes, as privatizacións e en xeral a actuacións duns gobernos cercanos ao altar e o trono, mais distantes das necesidades de algo máis da metade da súa cidadanía, das mulleres, en particular das mulleres traballadoras.

Algún dos principais motivos de preocupación atinxen diferentes aspectos:

- A falla de estudos e avaliacións críticas sobre os efectos da crise-estafa sobre as mulleres.
- O desleixo do Estado para cumprir con dilixencia determinados dictámenes, e a situación de falla de coñecemento dos seus dereitos por parte das mulleres, en particular nas zonas rurais.
- A desmontaxe institucional dos mecanismos públicos de igualdade e a falla dunha estratexia coherente no eido da igualdade de xénero.

- A insatisfactoria aplicación de medidas de carácter temporal.
- A pervivencia, incluso en textos escolares, de estereotipos machistas e patriarcais.
- O deterioro dos dispositivos de prevención e loita contra a violencia de xénero.
- As insuficiencias no que atinxe á trata e explotación da prostitución.
- Educación, emprego, saúde, son outros chanzos básicos da acción pública que merecen consideracións críticas.

Polo referido, o grupo parlamentario da AGE presenta unha proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a presentar un programa integral de actuacións públicas específicas que abranga o conxunto de recomendacións elaboradas polo Comité para a Eliminación da Discriminación contra a Muller.

En Compostela, a 13 de novembro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 13/11/2015 14:46:22

Eva Solla Fernández na data 13/11/2015 14:46:28